

130 premio de pintura TERRAS DE IRIA

BASES_2010



www.premioterrasdeiria.com

INFORMACIÓN:

email: info@premioterrasdeiria.com

Tel: +34 687 139 139

Inscripción previa hasta el 21 de abril de 2010

Inscripción previa ata o 21 de abril do 2010



Os Concellos de Padrón, Rois e Dodro, e a empresa Aluminios Cortizo SA patrocinan e convocan o XII Premio de pintura Terras de Iria, edición 2009 e con carácter anual, de acordo ás seguintes bases:

1.Participantes

Poderán concorrer ao certame todos os artistas interesados calquera que sexa a súa nacionalidade ou residencia, sen límite de idade.

2.Obra

Cada autor poderá concursar **cunha soa obra** de pintura, orixinal e inédita, entendéndose como tal aquela que sexa da súa exclusiva propiedade e que non fose exposta nin presentada con anterioridade a ningún outro certame ou concurso. Termo que se acreditará mediante declaración xurada no Boletín de recepción de obra.

3.Aspectos técnicos

Tanto o tema coma a técnica a utilizar serán de libre elección. As dimensións das obras non serán inferiores a **100 x 81 cm** indistintamente nin superiores a **195 x 195 cm**. En caso de enmarcado da obra, presentárase necesariamente cun listón ou salvacuadros cuxa anchura non supere os 3 cm visto de fronte. Non se admitirán obras protexidas con cristal, pero si con metacrilato ou material plástico irrompible.

4. Preselección

Os autores que desexen participar formalizarán unha **Inscripción previa**.

Para tramitar a solicitude de participación enviarase a seguinte **documentación**:

-Boletín de inscrición cuberto. Anexo ás bases ou de descarga na páxina web www.premioterrasdeiria.com

-Imaxe da obra en formato jpeg, jpg ou tiff. En resolución alta (300 ppp) xa que será a reprodución empregada para o catálogo no caso de ser obra seleccionada. Non se admitirán reproducións en papel fotográfico.

A devandita documentación remitirase ao enderezo de **correo electrónico**:

info@premioterrasdeiria.com

En caso de envío por **correo postal**, o enderezo é o seguinte:

Premio de pintura Terras de Iria

Convento do Carme

Costanilla do Carme

15900 Padrón A Coruña

No sobre incluírase cd cos arquivos anteriormente citados ou cd coa imaxe da obra e boletín de inscrición en papel.

O **prazo** de recepción de solicitude de inscrición finaliza o 21 de abril do 2010. Entenderanse en prazo todas aquelas que ostenten cuño ata a data ou envío de correo electrónico ata o citado día.

5.Entrega de obra

Sobre a base da documentación recibida, o Xurado procederá á preselección das obras que optarán ao Premio. A organización notificará telefonicamente a súa decisión aos autores preseleccionados e solicitará o **envío da obra**. A entrega e recepción das obras realizarase no Convento do Carme. Costanilla do Carme. 15900 Padrón. A Coruña.

O **prazo** de admisión de obras indicárase na comunicación telefónica efectuada aos preseleccionados.

A obra entregarase asinada; ao dorso irá adherido o **Boletín de recepción**, anexo a estas Bases ou de descarga na páxina web.

Agás as obras directamente entregadas na dirección de recepción, as restantes serán enviadas por conta e risco dos seus autores, a portes pagados e con embalaxe reutilizable (de material ríxido) ou suficientemente sólido para que a súa posterior devolución asegure a súa integridade. A organización non se responsabiliza da deterioración das obras por embalaxe inadecuada. Os seguros que quixeran efectuarse serán por conta de cada un dos participantes. A organización poñerá o máximo celo no coidado das obras recibidas, pero declina toda responsabilidade por extravíos, danos, roubos ou calquera outro acto alleo á súa vontade que se poida producir durante o seu transporte, recepción, depósito, exhibición ou devolución.

6. Selección e premios

Unha vez pechada a recepción de obras, o Xurado seleccionará as **obras finalistas** nun número máximo de 35.

As obras seleccionadas serán obxecto dunha **exposición** no Convento do Carme dun mes de duración dende o día da inauguración (entre o 3 e o 18 de xuño do 2010).

Editarase **catálogo** coas fotografías das obras da mostra. Os autores participantes, polo mero feito de terse presentado, aceptan a cesión dos dereitos de explotación para a reprodución da obra no catálogo.

O **fallo do xurado** e a entrega de premios terá lugar o día da inauguración da exposición, entre o 3 e o 18 de xuño do 2010, en acto público e solemne.

Establécense **tres premios**, un de ámbito comarcal:

Primeiro premio: 8000 euros e impulsárase exposición individual durante o 2011 en lugar a determinar

Segundo premio: 3000 euros

Premio comarcal: 1000 euros

As obras premiadas quedarán en **plena propiedade** do Concello que corresponda en cada ano e o Convento do Carme, os cales se reservan todos os dereitos sobre estas, incluídos o de reprodución.

7. Xurado

O Xurado estará **presidido** polo Ilustrísimo Alcalde do Concello que corresponda en cada ano.

O Xurado será designado pola organización do Premio e estará **composto** por figuras de recoñecido prestixio no ámbito das artes plásticas.

O criterio de designación do Xurado integrará:

Representante centro de arte pública

Representante crítica de arte

Representante galerista

Representante artistas

Actuará como secretaria D^a Mónica Borrás Vigo (con voz e sen voto), coordinadora da organización do certame.

As **decisións** do Xurado serán por maioría e inapelables.

8.Devolución de obras

Os autores das obras non seleccionadas deberán retiralas a partir do día da inauguración da exposición; os autores das obras seleccionadas poderán facelo unha semana despois da clausura da exposición. En ambos os dous casos a retirada efectuarase achegando o correspondente resguardo, directamente ou por medio de persoa autorizada para o efecto por escrito fidedigna.

Se a obra foi entregada por axencia, será devolta a portes debidos á dirección que indique o Boletín de recepción ou, no seu caso, dirección da embalaxe de entrega e solicitada polo propio autor. Os gastos de recollida correrán a cargo do autor.

Unha vez transcorridos **3 meses** a partir de que finalice o prazo de recollida, entenderase que as devanditas obras foron abandonadas polo autor, pasando automaticamente á propiedade e libre disposición da organización do Premio.

9.Incidencias

A presentación a este concurso leva consigo a **autorización** expresa á organización do certame para a reprodución e exhibición das obras seleccionadas, así como da imaxe e datos dos seus autores, tanto en soportes gráficos como audiovisuais e informáticos.

Todas as **incidencias e reclamacións** que puidesen presentarse serán resoltas polo xurado cuxo fallo será inapelable.

A participación neste certame implica a total **aceptación das súas bases**.

Para máis información:

www.premioterrasdeiria.com

Tel. coordinadora certame: +34 981 142674 / +34 687 139139

email: info@premioterrasdeiria.com

PREMIO DE PINTURA TERRAS DE IRÍA

edición 2010

Concellos de Padrón, Rois y Dodro,
e a empresa Aluminios Cortizo SA

BOLETÍN DE INSCRIPCIÓN (Inscripción previa ata o 21 de abril do 2010)

DATOS PERSOAIS:

Apelidos:
Nome:
Pseudónimo (no seu caso):
DNI / Pasaporte:
Teléfono:
Email:
Enderezo:
Código postal:
Localidade:
Provincia:
País:
Opta ao premio comarcal (opción para os artistas nados ou residentes na Comarca do Sar-Concellos de Padrón, Rois y Dodro): Nota: os que opten polo premio comarcal participarán igualmente no xeral

DATOS DA OBRA:

Título da obra:
Medidas:
Técnica:
Soporte:

Nota: con posterioridade á primeira reunión do xurado, notificarase telefonicamente a decisión só aos autores preseleccionados e solicitarase o envío de obra indicando o prazo de recepción

A participación neste certame implica a total aceptación das súas bases

Asinado,

En _____, a ____ , de _____ 2010

REXISTRO

núm: _____

A cubrir pola organización

De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de Protección de Datos". infórmase que os datos incluídos nesta solicitude serán rexistrados en ficheiros automatizados da organización do Premio de pintura Terras de Iría, para a xestión de usuarios aos ficheiros con datos de carácter personal, no estando prevista ningunha cesión dos devanditos datos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderán realizarse nos termos previstos na mencionada lei. Así mesmo infórmase que esta solicitude supón a autorización do uso dos datos de dirección, teléfonos e correo electrónico para o envío por parte da organización, se procede, de información relacionada co proceso de desenvolvemento do XII Premio de pintura Terras de Iría obxecto desta solicitude de participación. En ningún caso se usará cunha finalidade distinta á mencionada.

PREMIO DE PINTURA TERRAS DE IRÍA

edición 2010

Concellos de Padrón, Rois y Dodro,
e a empresa Aluminios Cortizo SA

BOLETÍN DE RECEPCIÓN

DATOS PERSONALES:

Apelidos:
Nome:
Pseudónimo (no seu caso):
DNI / Pasaporte:
Teléfono:
Email:
Enderezo:
Código postal:
Localidade:
Provincia:
País:
Opta ao premio comarcal:

DATOS DE LA OBRA:

Título da obra:
Medidas:
Técnica:
Soporte:

O abaixo asinante fai entrega da obra descrita e garante baixo xuramento que non foi presentada anteriormente en ningún outro certame, declarando coñecer e aceptar todos os puntos expostos nas bases do Premio de Pintura Terras de Iria edición 2010

REXISTRO núm: _____

Asinado,

A cubrir pola organización

En _____, a ____, de _____ 2010

Nota: embalaxe reutilizable. Se a organización estima que a obra non foi embalada correctamente para a súa reutilización, derivará a solución ao propio autor para que se faga cargo da súa retirada, ben pola súa propia conta, ou ben a empresa de transporte para a súa axeitada embalaxe.

Nota: o Boletín de recepción, cuberto na súa totalidade, deberá incluírse conxuntamente coa obra (adherir ao reverso da obra). De facer entrega persoal no Convento do Carme, selarásele unha copia do boletín de recepción como xustificante de entrega. De facer o envío a través de axencia de transporte, será o propio recibo da empresa o xustificante de entrega. En ambos os dous casos, sempre o Boletín de recepción irá adherido na parte posterior da obra para a súa identificación.

De acordo co previsto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, "Lei de Protección de Datos", infórmase que os datos incluídos nesta solicitude serán rexistrados en ficheiros automatizados da organización do Premio de pintura Terras de Iría, para a xestión de usuarios aos ficheiros con datos de carácter personal, no estando prevista ningunha cesión dos devanditos datos. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación de datos e oposición poderán realizarse nos termos previstos na mencionada lei. Así mesmo infórmase que esta solicitude supón a autorización do uso dos datos de dirección, teléfonos e correo electrónico para o envío por parte da organización, se procede, de información relacionada co proceso de desenvolvemento do XII Premio de pintura Terras de Iría obxecto desta solicitude de participación. En ningún caso se usará cunha finalidade distinta á mencionada.